

A CIG **“NON”** ASINA O BORRADOR DO ANTEPROXECTO DE LEI DA FUNCIÓN PÚBLICA

Na tarde do 1 de marzo celebrouse a reunión da Mesa Xeral de Negociación da Admon. Xeral do Estado (art, 36,3 TREBEP), convocados cunha antelación de menos de 24 horas se nos pedía, sen a CIG ter o documento, asinarmos o “borrador do anteproxecto de lei da función pública”. Foi aprobado cos votos a favor de CCOO e UGT e cos vostos **en contra da CIG**, ELA e CSIF. Temos que comezar denunciando a extratexia tanto da Admon como de CCOO e UGT de intentar vincular a Lei de Función Pública ao “Acordo Marco para una Administración del Siglo XXI” asinado no mes de outubro con estas centrais sindicais. Esta lei está pendente de desenvolver dende aprobación do EBEP fai 15 anos. Se o goberno tramita esta lei cremos que dun xeito precipitado, é por acollerse aos fondos europeos.

Este anteproxecto de lei ven a refundir toda a dispersión normativa que regula a función pública é nun porcentaxe menor desenvolve novos puntos recollidos no EBEP. Se ben é certo que agora comeza un proceso de tramitación parlamentaria que presumiblemente modificará o texto, queremos facer fincapé nas **novidades máis destacables** recollidas no texto.

- **Avaliación do desempeño.-**

Para a CIG é un dos pilares fundamentais desta lei, consiste nun procedemento que medirá a conduta profesional e o rendemento dos empregados e empregadas públicas. Esta avaliación do desempeño marcará as retribucións, carreira profesional, promoción, formación, concursos e mobilidade. Esta lei non contempla a representación sindical na Comisión de Coordinación da Evaluación do Desempeño, algo que consideramos innegociable para garantir a transparencia nos sistemas de avaliación. Tampouco recolle cal vai ser modelo de avaliación a seguir deixando pendente o seu desenvolvemento regulamentario. Entendemos que a **utilización desta “ferramenta” levará a situación arbitrarias e inxustas.**

- **Carreira profesional.-**

Está condicionada a avaliación do desempeño, e non establece as cuantías económicas.

- **Areas funcionales.-**

Novo concepto creado para poder mover aos empregados/as con ou sen o seu consentimento. Esta lei non delimita nin define o seu ámbito (centro de traballo, localidade, etc). Un empregado/a poderá ser movido do seu posto xa que pode estar incluído nunha ou varias areas funcionales. Tamén queda pendente o seu desenrolo regulamentario.

- **Persoal directivo.-**

Un dos poucos temas que NON deixa pendente para desenrolar regulamentariamente (Capítulo III), Subdirectores Xerais serán “persoal directivo” e Subdirectores Adxuntos

“persoal predirectivo”. A CIG sempre rechazou o art.13 do EBEP na súa totalidade, onde ben recollido esta figura e que deixa **fora de calquera control e negociación sindical tanto o réxime xuídico que o regule como as súas condicións retributivas**, algo que nos parece escandaloso, e que ningún sindicato, só a CIG denunciámos.

- **Retribucións.-**

Segue sen garantir a **clausula de revisión salarial**. Esta lei non aborda a simplificación dos conceptos retributivos nin garante a homoxenización de salarios dos diferentes ministerios, mamecanismos de recuperación da perda do poder adquisitivo e segue mantendo un sistema retributivo atomizado.

- **Salario Diferido.-**

Xa sen desimulo, este goberno “progresista” aposta polos **planS de pensions privados** e contratos de seguro; no art. 97 recoñece xa dun xeito manifesto a consideracións de “retribucións diferidas” a aportacións aos **plans de pensions privados**. É decir, computan como subas salariais. Lembremos que dende o ano 2004 o BBVA xunto con CCOO e UGT xestionan un Plan de Pensions que dende o 2012 non recibe ningún tipo de aportación e que ten un fondo de máis de 600 millóns de euros.

- **Xornada laboral.-**

Non recoñece a xornada de 35 horas.

- **Xubilación parcial.-**

Segue se abordar este tema, sen ningún tipo de xustificación. Nin a xubilación obrigatoria aos 65 anos.

- **Movilidade.-**

Abre a posibilidade da “movilidade forzosa” do persoal (art. 63) a nivel ministerial e intraadministrativa xa que no delimita o ámbito.

- **Atribución temporal de funcións.-**

Se poderá atribuir funcións temporais ao persoal que non lle son propias non recoñecidas na relación de postos de traballo.

- **Ofertas de emprego público.-**

Segue sen garantir que as convocatorias se fagan o mesmo ano que a aprobación da oferta.

- **Reglamentos.-**

Esta lei esta chea de xeneralidades que deixan ao densenrolo dos regulamentos temas de vital importancia e que son os que marcaran a lei.

¡¡¡¡A CIG NON ASINA ESTA LEI, porque non mellora as condicións de traballo dos/as empregados públicos!!!!

Galiza a 03de marzo do 2023